

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA
DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DAS V
XORNADAS HISPANO-LUSAS DE HISTORIA DO DEREITO**


En Santiago de Compostela a catro de xullo de dous mil dezaseis.

REÚNENSE

Dunha parte, don Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude dos Decretos 229/2012, do 2 de decembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia e 230/2012, do 2 de decembro, polo que se nomea ao vicepresidente da Xunta de Galicia no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, o Excmo. Sr. Juan M. Viaño Rey, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que actúa en nome e representación da universidade, segundo o establecido no artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e mais no Decreto 62/2014, do 28 de maio, do seu nomeamento, así como no artigo 85.g) do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da USC.

Ambas partes intervinientes recoñécense capacidade para subscribir o presente convenio polo que



EXPOÑEN

Primeiro.- A Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asume e desenvolve as súas funcións mediante o estudo, a docencia e a investigación, actividades para as que goza de autonomía, recollida no artigo 27 da Constitución, nos seus estatutos e demais lexislación vixente.

Esta entidade ven organizando xornadas, seminarios, cursos, encontros e estudos sobre materias relacionadas, directa ou indirectamente, coas actividades máis relevantes na nosa Comunidade Autónoma.

Segundo.- A USC vai desenvolver as V Xornadas Hispano-Lusas de Historia do Dereito “A experiencia histórica do control e responsabilidade xudicial en España e Portugal (séculos XVI- X)”, cuxo obxecto principal é o estudo e debate do control xudicial entre os séculos XVI a XX.

Terceiro.- O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e se determinan as súas competencias, modificado polo Decreto 11/2015, de 5 de febreiro, establece que este é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de Xustiza.

Cuarto.- Que ambas as partes teñen interese común na promoción do estudo do desenvolvemento histórico do control xudicial, incluíndo unha panorámica actual do control e responsabilidade dos xuíces que sirva de complemento á experiencia histórica que se analizará nas Xornadas.

Quinto.- De conformidade coa Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, concorren no presente caso razóns de interese público e social dado que a USC é unha entidade que leva a cabo actividades de promoción e fomento do estudo do Dereito, e que dentro de tales funcións está a desenvolver as xornada obxecto do presente convenio, no que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións



Públicas e Xustiza considera axeitado colaborar, non sendo posible promover a concorrência atendidas as características das xornadas e que a USC é a organizadora das mesmas.

En consecuencia ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS


PRIMEIRA.- Obxecto do convenio.

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a USC para a realización das V Xornadas Hispano-Lusas de Historia do Dereito "A experiencia histórica do control e responsabilidade xudicial en España e Portugal (séculos XVI- X)", que se celebrarán en Santiago de Compostela en setembro de 2016.

SEGUNDA.- Obrigas da USC.

A USC, ademais do cumprimento das obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comprométese a:

- Organización e realización das V Xornadas Hispano-Lusas de Historia do Dereito a que se refire a cláusula primeira, así como todas as actuacións precisas para que as aquelas se desenvolvan axeitadamente.
- Destinar os fondos percibidos para financiar a preparación, organización realización e desenvolvemento das referidas xornadas.
- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ó Consello de Contas.
- Reintegrar, total ou parcialmente, a subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.



Handwritten signature and official stamp of the Xunta de Galicia.

- De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións públicas de Galicia e o Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a USC comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de tódalas condicións e obrigas recollidas neste convenio, e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.


TERCEIRA.- Obrigas da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A estes efectos, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achegará á USC a cantidade de 3.000 EUROS (tres mil €), para financiar os gastos da celebración destas xornadas, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.444.0 (C.P. 2015 00 110 Convenios coas universidades) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

CUARTA.- Libramento de fondos.

A achega económica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza realizarase nos termos requiridos no artigo 51 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, incorporando unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas, unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento, as correspondentes facturas e xustificación do seu pagamento, os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios propios ou, de ser o caso con achegas procedentes doutras subvencións ou recursos, detallando os ingresos ou subvencións que financien a actuación obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia.

Se fora o caso a USC achegará a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.



Xunto coa documentación xustificativa, o representante da Universidade estenderá unha certificación que acredite o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade, presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

De acordo co previsto no artigo 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 11 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, antes do pagamento da achega, a USC aportará unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no art. 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza un exceso nas subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a USC deberá reintegralo xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no art. 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ao amparo deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorrera a USC, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se efectuaran con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.



O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 30 de outubro de 2016.

QUINTA.- Pagos anticipados e pagos a conta

Poderán realizarse pagamentos anticipados ata un 50% do importe subvencionado, de conformidade co disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, poderán realizarse pagamentos a conta que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, pagándose por contía equivalente á xustificación presentada, segundo dispón o artigo 62 do citado Decreto 11/2009.

O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que no seu caso se concedese, non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada.

A USC non está obrigada á constitución de garantía pola realización dos devanditos pagamentos, ao abeiro do disposto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009.

SEXTA. - Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión de seguimento mixta paritaria, integrada por un representante de cada unha das partes.

A Comisión mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicita algunha das partes. A súa función será velar polo cumprimento das obrigas previstas no mesmo, así como propoñer a solución ós problemas que puideran xurdir.



As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Proposta, se é o caso, de addendas
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Coordinación das funcións das dúas administracións
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

SÉTIMA.- Compatibilidade con outras axudas.

Conforme co disposto no artigo 40.1.d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais

OITAVA.- Publicidade e rexistro do convenio.

A USC consinte expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da CA para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A USC comprométese a informar, nas actividades que realice, da colaboración da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no financiamento dos gastos obxecto deste convenio.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.



En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

NOVENA.- Resolución.

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades obxecto da axuda.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza esixirá o reintegro das contías percibidas e o xuro de demora correspondente, de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMA. –Xurisdición.

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO PRIMEIRA. – Vixencia.

A vixencia do presente convenio estenderase dende a súa sinatura, ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2016.




DÉCIMO SEGUNDA.- Normativa aplicable.

O presente convenio rexeráse polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

E en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

O reitor da Universidade de Santiago de
Compostela

(por delegación, Resolución Reitoral de
22/09/2015, DOG de 05/10/2015
A VICERREITORA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN)



Asdo. Isabel Rodríguez-Moldes Rey
Juan M. Viano Rey